

A CONTAMINACIÓN


A nosa vila está medrando a un ritmo moi acelerado tanto en veciños como en número de coches nas rúas e isto provoca a contaminación do aire e moito ruído. Ante a gravidade desta situación os veciños decidiron reunirse na praza do concello para pensar o que iamos facer.

Un compañeiro propuxo que todos os habitantes da vila deixaran os seus coches no garaxe e utilizasen o transporte público. A maioría aplaudiu dicindo que iamos probar a ver como resultaba esa proposta.

Ao día seguinte cando iamos para o colexio iai, que marabilla dicíanlle os nenos as súas nais!, as rúas completamente baleiras sen coches. Cando estabamos no recreo, pensamos que pola tarde podíamos coller as bicicletas e percorrer o pobo sen medio ningún.

Unha sensación fenomenal, os nosos pais e veciños miraban pola fiestra e mesmo eles quedaban pasmados da tranquilidade que se respiraba.

E así foi, un día e outro día, aquilo era abraiante. Aquel cheiro a fume, aquel po polo aire, todo desaparecera. A xente seguía animada a usar o



transporte público. Todos disfrutaban desa paz que nunca viran, ata había máis relación entre os veciños porque como tiñan que andar dun lado para outro víanse máis a cotío. Esta vida tranquila e doce foi desaparecendo pouquiño e pouco. Algúns volveron a usar o seu vehículo e así a maioría. Os máis

apenados, os nenos porque perderan toda aquela paz.

Xuntáronse de novo e decidiron poñer unhas pancartas polo pobo.

A SAÚDE, A NATUREZA E PAZ SON DE TODOS,
RESPECTÉMOLAS”

Terceiro de Educación Primaria